

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 15.10.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.06 h do 15.10.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Non asisten: Joaquín Julián Ayala Garrido e María Manuela Aguilar Prieto

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

De seguido intervén a concelleira de Seguridade, Facenda e Patrimonio e Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a urxencia vén motivada porque tralo trámite de aprobación plenaria é necesario un período de exposición pública de 30 días hábiles, tralo que se abre un prazo de alegacións e posterior aprobación definitiva, polo que, para que poidan entrar en vigor en 2019, teñen que estar aprobadas definitivamente antes de final de ano.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se poderían ter dado un par de días máis para poder revisar a documentación e presentar achegas, co que se absterán na votación da urxencia.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que os tempos son os do goberno e a urxencia vén dada pola dinámica de traballo de quen ostenta a dirección municipal. Cre que é un tema que debería terse tratado hai tempo e que non queren obstaculizar o seu debate, polo que se absterán.

O voceiro do grupo Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, di que eles son goberno e que o goberno di que é importante a urxencia, polo que votarán a favor.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se absterá porque seguen as formas por parte do goberno que nin conta con eles nin se lles chama nin teñen tempo material para mirar a documentación e preparar achegas.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 6 abstencións (2 do grupo municipal Socialista, 3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

2. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación, imposición e ordenación da Ordenanza fiscal núm. 18, reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 11.10.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A ordenanza fiscal nº 18, Reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, en vigor na actualidade non recolle no seu artigo 6 cuota tributaria algunha para aqueles inmobles nos que, unha vez establecido o servizo, teñan cesado na súa actividade comercial ou empresarial, tributando ata día de hoxe coa tarifa para a que teñan concedida a correspondente licenza de apertura cos perxuízos económicos que iso supón ao non estar xenerando ningún tipo de rendemento a actividade, todo elo sin poder obviar a obriga legal da imposición da taxa.

Por parte de esta Alcaldía, e a tenor do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, unha vez emitido informe pola técnico de xestión financeira e recadación conformado pola Tesoureira Municipal, o 8 de outubro, considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta alcaldía propón a adopción, polo pleno deste Concello do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobamos a modificación da Ordenanza Fiscal nº 18, reguladora da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, do seguinte xeito

Modificar o artigo 6.- Cota tributaria, co seguinte tenor:

Artigo 6º

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, a tal efecto se aplicará a seguinte tarifa xeral en concepto de cota anual:

TARIFAS VIVENDAS	
Zoa 1 - (1 ou 2 días de recollida de lixo ordinario por semana)	77,84
Zoa 2- (3 ou máis días de recollida de lixo ordinario por semana)	91,19
TARIFAS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS	
Asociacións e sociedades sen ánimo de lucro	77,84
Inmobles/locais sen actividade empresarial/comercial	91,19
Academais	138,15
Auto escolas	138,15
Outras actividades sanitarias (Fisioterapeuta, consultorio de a.t.s. consultorio médico, óptico, podó-	138,15
Concesionarios vehículos	138,15
Despachos profesionais	138,15
Librerías pequenas	138,15
Quioscos, mercerías	138,15
Reloxerías e xoierías	138,15
Xastrerías	138,15
Tendas glosinas	138,15
Video	138,15
Video e fotografía	138,15
Ximnasios	138,15
Almacéns	191,97

Almacéns ó por miúdo	191,97
Autoaccesorios	191,97
Bancos	191,97
Barberías	191,97
Café-bar	191,97
Carnicerías	191,97
Floristerías	191,97
Garaxes colectivos	191,97
Garderías	191,97
Herboristerías	191,97
Librerías medianas	191,97
Pequenos talleres e tallerese mecánicos	191,97
Perruquerías	191,97
Refugallos	191,97
Tintorerías	191,97
Xestorías	191,97
Zapaterías	191,97
Manipulación chatarra e venda ó por menor	191,97
Mesóns e tabernas	191,97
Pastelerías/Confiterías	191,97
Pastelerías/Confiterías (forno)	191,97
Peixerías	191,97
Pensións	191,97
Pequenas ferreterías	191,97
Destinstas, odontólogos	191,97
Almacéns pintura	267,44
Cafeterías espec. Discotecas	267,44
Clínicas medicas, dentista, odontólogos	267,44
Colexios	267,44
Cristalerías	267,44
Fábrica aluminios	267,44
Farmacias	267,44
Grandes talleres	267,44
Hostais	267,44
Hostais con restaurante	267,44
Imprentas e serigrafías	267,44
Industrias	267,44
Librerías grandes	267,44
Librerías,so vendas libros	267,44
Panaderías	267,44
Supermercados medianos	267,44
Tapicerías	267,44
Ferreterías	310,33
Grandes almacéns	310,33
Moblerías	310,33
Restaurantes, discotecas	310,33
Gasolineiras	354,20
Hoteis	354,20
Salas de Festa	430,49
Supermercados grandes	548,13
Hipermercados	667,42

Segundo.- Aprobado a modificación da disposición final da ordenanza fiscal núm. 18, indicando que a entrada en vigor da mesma será o día 1 de xaneiro de 2019.

Terceiro.- O presente acordo provisional exporase ao público durante o prazo de 30 días, a contar dende o seguinte a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado.

Cuarto.- Unha vez aprobado definitivamente o acordo, ordenar a publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia:

ORDENANZA FISCAL Nº 18

REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS.

Fundamento legal

Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos.

Feito imponible

Artigo 2º.-

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades económicas industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas. Exclúense de tal concepto os residuos de natureza industrial, escombros, cascallos e entullos, escouras e cinzas, restos de orixe vexetal non procedentes da alimentación humana, detritos, materiais contaminados, corrosivos ou perigosos e en xeral todos aqueles elementos ou vertidos que esixan control sanitario e medioambiental ou a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguranza na súa recollida.

3.- Non será de aplicación a taxa na prestación de carácter voluntario e a instancia da parte dos seguintes servizos:

- a) Recollida de residuos procedentes de establecementos industriais, non cualificábeis como lixo domiciliario ou residuos sólidos urbanos.
- b) Recollida de embalaxes, caixas e outros recipientes procedentes de establecementos industriais ou comerciais.
- c) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- d) Recollida de escombros, cascallos e entullos de obras.
- e) Recollida de móbeis e aparellos inútiles.

4.- O Concello comprométese a subministrar ao seu prezo de custo, a aquelas comunidades de propietarios que o soliciten, contedores para instalar nas súas zonas privadas, nos que figurarán gravados o anagrama do municipio e o enderezo da comunidade.

5.- Os locais ou establecementos comerciais suxeitos ó Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas poderán dispor, previa solicitude, dun contedor para uso individualizado que será facilitado polo Concello, sendo responsables quen o reciban da súa limpeza, conservación, colocación e retirada segundo as seguintes normas:

- a) Durante o día os contedores deberán permanecer no interior dos locais.
b) O contedor sacárase e recollerase dentro do horario que establece o Regulamento de Xestión de Residuos, debendo situarse na calzada xunto cos demais contedores municipais.
c) As operacións de conservación e limpeza que esixan estes recipientes deberán ser efectuados polos usuarios exclusivos dos mesmos.

Suxe pasivos

Artigo 3º.-

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro, que:

- a) Ocupen ou utilicen as vivendas e establecementos localizados nos prazas, rúas, vías públicas e lugares en que se presta o servizo, e
b) No caso de vivendas, que estas sexan susceptíbeis de ser habitadas, temporal ou permanentemente, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo o propietario das vivendas ou locais. Que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, os beneficiarios do servizo.

R

Artigo 4º.-

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 42.1 apartado a) e b) da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

2.- Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos, e co alcance, que sinala o artigo 43.1 apartados a), b) ,c) da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Exencións

Artigo 5º.-

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos na normativa con rango de lei e as que se deriven da aplicación de Tratados Internacionais

Cota t

Artigo 6º.-

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles ou locais, a tal efecto se aplicará a seguinte tarifa xeral en concepto de cota anual:

TARIFAS VIVENDAS	
Zoa 1 - (1 ou 2 días de recollida de lixo ordinario por semana)	77,84
Zoa 2- (3 ou máis días de recollida de lixo ordinario por semana)	91,19
TARIFAS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS	
Asociacións e sociedades sen ánimo de lucro	77,84
Inmobles/locais sen actividade empresarial/comercial	91,19
Academais	138,15
Auto escolas	138,15
Outras actividades sanitarias (Fisioterapeuta, consultorio de a.t.s. consultorio médico, óptico, podó-	138,15
Concesionarios vehículos	138,15

<i>Despachos profesionais</i>	138,15
<i>Librerías pequenas</i>	138,15
<i>Quioscos, mercerías</i>	138,15
<i>Reloxerías e xoierías</i>	138,15
<i>Xastrerías</i>	138,15
<i>Tendas glosinas</i>	138,15
<i>Video</i>	138,15
<i>Video e fotografía</i>	138,15
<i>Ximnasios</i>	138,15
<i>Almacéns</i>	191,97
<i>Almacéns ó por miúdo</i>	191,97
<i>Autoaccesorios</i>	191,97
<i>Bancos</i>	191,97
<i>Barberías</i>	191,97
<i>Café-bar</i>	191,97
<i>Carnicerías</i>	191,97
<i>Floristerías</i>	191,97
<i>Garaxes colectivos</i>	191,97
<i>Garderías</i>	191,97
<i>Herboristerías</i>	191,97
<i>Librerías medianas</i>	191,97
<i>Pequenos talleres e tallerese mecánicos</i>	191,97
<i>Perruquerías</i>	191,97
<i>Refugallos</i>	191,97
<i>Tintorerías</i>	191,97
<i>Xestorías</i>	191,97
<i>Zapaterías</i>	191,97
<i>Manipulación chatarra e venda ó por menor</i>	191,97
<i>Mesóns e tabernas</i>	191,97
<i>Pastelerías/Confiterías</i>	191,97
<i>Pastelerías/Confiterías (forno)</i>	191,97
<i>Peixerías</i>	191,97
<i>Pensións</i>	191,97
<i>Pequenas ferreterías</i>	191,97
<i>Destinstas, odontólogos</i>	191,97
<i>Almacéns pintura</i>	267,44
<i>Cafeterías espec. Discotecas</i>	267,44
<i>Clínicas medicas, dentista, odontólogos</i>	267,44
<i>Colexios</i>	267,44
<i>Cristalerías</i>	267,44
<i>Fábrica aluminios</i>	267,44
<i>Farmacias</i>	267,44
<i>Grandes talleres</i>	267,44
<i>Hostais</i>	267,44
<i>Hostais con restaurante</i>	267,44
<i>Imprentas e serigrafías</i>	267,44
<i>Industrias</i>	267,44
<i>Librerías grandes</i>	267,44
<i>Librerías,so vendas libros</i>	267,44
<i>Panaderías</i>	267,44
<i>Supermercados medianos</i>	267,44
<i>Tapicerías</i>	267,44
<i>Ferreterías</i>	310,33

Grandes almacéns	310,33
Moblerías	310,33
Restaurantes, discotecas	310,33
Gasolineiras	354,20
Hoteis	354,20
Salas de Festa	430,49
Supermercados grandes	548,13
Hipermercados	667,42

No caso das vivendas, a tarifa aplicarase ó enderezo que figura no recibo emitido en base ós datos da Planimetría do Roteiro Municipal vixente.

As empresas e negocios que posúan varios establecementos aboarán unha cota corresponde á suma das taxas correspondentes a cada establecemento individual.

Os locais que sexan utilizados indistintamente como vivenda e negocio aboarán a cota correspondente á actividade económica principal que desenvolvan.

No caso de exercer un mesmo suxeito pasivo, nun mesmo local, máis dunha actividade, lle será aplicada a maior das tarifas correspondentes a ditas actividades.

6.2 As tarifas establecidas no artigo 6 poderán graduarse ao abeiro do establecido no artigo 24.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en función da capacidade económica do suxeito pasivo en atención as seguintes condicións:

6.2.1.- Son considerados destinatarios/as todas aquelas personas empadronadas e con residencia efectiva no concello de Fene cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte ó custo establecido pola taxa.

6.2.2.- Poderán ser beneficiarios/as destas bonificacións quen reúna todos e cada un dos seguintes requisitos.

a) Estar empadronado/a no concello de Fene e ter residencia efectiva.

b) Dispoñer dos recursos económicos máximos contidos no baremo establecido no presente artigo aceditados mediante a presentación da última declaración da renda, ou calesqueira outro documento que sinala a situación económica do solicitante.

c) Non ter débedas co concello.

6.2.3.- Determinación dos recursos.

Para a determinación dos recursos terase en conta as seguintes condicións:

a) Ingresos familiares:

-Para 1 persoa sóa: pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.

-Para 2 persoas en unidade de convivencia: a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.

- Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia: non superar o 110 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Para a comprobación dos requisitos económicos, teranse en conta os seguintes factores:

-Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

-Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:

- *Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = ingresos familiares netos anuais.*
- *Para o cálculo dos ingresos anuais teranse en conta os seguintes aspectos:*

- Para os pensionistas, a pensión que cobrarán no ano en curso.

- Para os desempregados/as e as persoas que aleguen outras circunstancias, deberán xustificar os ingresos obtidos por todos os conceptos, nos últimos 6 meses anteriores á data de solicitude.

b) Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructuarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 2.500 euros en contas de aforro ou investimento.

Posesión de vehículo:

Non poderán ser propietarios dun vehículo no domicilio familiar de uso particular ou comercial, independentemente da titularidade do mesmo.

6.2.4- Documentación a aportar.

a) Solicitude debidamente cumplimentada segundo modelo oficial.

b) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos e fotocopia das páxinas do libro de familia, no seu caso.

c) Certificado de empadronamento.

d) Xustificante dos ingresos anuais da unidade familiar: fotocopia compulada da declaración da renda do último exercicio, ou certificado de rentas no caso de non ter que presentar declaración da renda, ou calqueira outro documento que sinala a situación económica do solicitante dos 6 meses anteriores á data de solicitude (certificado de vida laboral da Seguridade Social, contratos de traballo, recibos actualizados das pensións, nóminas, ou calesqueira outro documento que acredite a situación económica de tódolos membros da unidade familiar maiores de 18 anos).

e) Xustificantes da vivenda: contrato de aluguer con aportación dos últimos 6 recibos, documentos de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda, etc.

f) Certificación bancaria de xuros e retencións con indicación do saldo bancario a 31/12 do ano anterior á solicitude.

g) Certificación de conta bancaria.

h) Calesqueira outra documentación que poida resultar necesaria para a resolución do expediente.

6.2.5.- Prazo

O prazo para a presentación das solicitudes comprenderá todo o exercicio.

6.2.6.-Procedemento para a resolución.

Presentada a solicitude, por parte do concello comprobarase a documentación obrante en cada solicitude e nun prazo máximo de dous meses resolverase a petición dándose traslado ós solicitantes.

Para a instrucción do expediente, realizarase a comprobación dos seguintes datos:

- *Comprobación da non existencia de débedas co concello.*
- *Comprobación da existencia doutros bens (IBI urbana e IVTM).*

No suposto de que se comprobara que non son certos os datos consignados na declaración ou se houberan ocultado outros que pudieran calificarse como esenciais, procederase a desestimar a solicitude.

Analizada a documentación presentada e unha vez emitidos os informes técnicos correspondentes, a Alcaldía dictará resolución ó respecto, na que se concretará os beneficios concedidos para o exercicio.

Reporte

Artigo 7º.-

1.- Repórtase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigada do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas prazas, rúas, vías públicas ou lugares onde figuren as vivendas ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos a taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, o reporte periódico destas taxas terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia, co conseguinte rateo trimestral da cota. Se esta corresponde a servizos que se prestan sen periodicidade, comprenderán exclusivamente o acto individual ao que se refiren.

3.- O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Servizo de Recadación, agás que o reporte da taxa se producira con posterioridade a dita data, aboándose en tal caso a primeira cota rateada polos trimestres naturais que correspondan.

Declaración e ingreso

Artigo 8º.-

1.- A declaración de alta implicará a obriga para o suxeito pasivo da súa inscrición en matrícula.

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos recollidos nas matrículas, levarase a cabo nestas as modificacións correspondentes, que xurdirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se efectuase a declaración.

3.- O cobro das cotas efectuarase polo Servizo de Recadación, mediante recibo derivado da matrícula.

Infraccións e sancións

Artigo 9º.-

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Dispónse a aprobación e vixencia

A modificación da presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2019, ata a súa modificación ou derogación expresa."

Asinado dixitalmente en Fene polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal."

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, explica que o goberno pretende paliar o prexuízo económico que se produce cando por distintas circunstancias un negocio pecha pero segue tendo a obriga de pagar a taxa do lixo como se seguise mantendo a actividade.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, di que están a favor desta modificación, pero non se lles deu tempo para facer ningunha achega. Expón que poderían votar a favor se se inclúa a modificación de que se poida ter un vehículo para ser beneficiario de bonificacións desta taxa.

O alcalde sinala que van rexeitar a emenda porque non ten informe de intervención e secretaria e non se lle vai dar trámite.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, di que a modificación proposta polo goberno é pertinente, pero entenden que hai cuestións que non foron tratadas e que era tamén necesario que se estudase a súa modificación. Coincide co grupo do BNG na opción no tema do acceso a bonificacións aínda tendo un vehículo en propiedade, e engade outras restricións que se deberan revisar como os cartos en contas, fixados nun máximo de 2500 euros, e a posesión de vivendas de arredor de 100.000 euros. Cre que as situacións de precariedade hoxe en día atenden a realidades moi distintas de cando se elaborou esta normativa, dada a crise económica que se deu a partir de 2008. Engade que modularán o seu voto en base á resposta do goberno a esta cuestión.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, cre que as modificacións das ordenanzas que veñen hoxe a pleno poderían terse feito mellor e con consenso, eliminando aspectos como o da condición de non ter ningún vehículo para acceder a bonificacións e que se as propostas as notificasen con tempo á oposición poderíanse aprobar cos informes que corresponden de Intervención e Secretaría.

A voceira do grupo do PP, Rocío Bértoa, afirma que son conscientes de que as ordenanzas poden ser mellorables, pero que todos deben entoar o "mea culpa" e preguntarse cando se modificaron as ordenanzas neste Concello. Di que lle chama a atención que a concelleira de EU diga que lle parece increíble o da condición dun vehículo no ano 2018 cando hai dous días estaba no goberno, ao lado do BNG que estivo gobernando tres anos e non modificou ningunha ordenanza. Sobre as palabras do voceiro do grupo do BNG, a Sra. Bértoa di que el foi alcalde e concelleiro de Facenda durante tres anos e que tivo todo o tempo do mundo para modificalas e que a pesar de que non tiña unha maioría, nunca as expuxo, e afirma que o PP xamais votaría en contra de modificar esta ordenanza. A voceira do grupo do PP pide ao Sr. Trigo que se comprometa a modificar ordenanzas se no vindeiro maio volve formar parte do goberno. Sobre a intervención do grupo socialista, a Sra. Bértoa di que toman nota de todas e cada unha das propostas que fan, que entenden a situación de precariedade da que falan pero que tamén entenden que esa situación non é de agora. Sinala que tendo razón nalgúns cousas, non van paralizar a modificación da ordenanza e que hai que pensar nunha maior visibilidade destas catro ordenanzas e das demais nos orzamentos do ano que vén, pero que agora se trata de aprobar unha reivindicación histórica sobre a taxa dos locais baleiros ou sen actividade. Engade que no goberno son 9 de 17, que representan unha vontade popular e que propoñen esta modificación para a súa aprobación.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, reitera que lles dixeron no pasado Pleno e na Comisión que dous ou tres días serían suficientes para que presentaran as súas emendas e votar a favor. Engade que só se están a modificar cousas puntuais e concretas, non unha modificación de ordenanza. Di que non lle respostará sobre o que votaría o PP cando estaba na oposición, dado que as actas recollen que sempre votaron en contra de todas as propostas que fixo o goberno e afirma que se no seu goberno se entregaron aos voceiros de todos os grupos propostas de modificacións de ordenanzas para que fixeran achegas. Sinala que lles parece ben a modificación proposta pero que se absterán ao non aceptarse as súas emendas.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, agradece as palabras da concelleira de Facenda sobre as súas achegas e lembra que o debate destas ordenanzas non remata hoxe, dado que hai un período de alegacións. Convida a aproveitar todas as posibilidades que ofrece o procedemento, e anuncia a súa abstención e di que o grupo socialista posibilitará que haxa un novo pleno no que poida haber maior grao de consenso. Afirma que hai cuestións que son responsabilidades compartidas, como o tema do vehículo ou das contas, que non veñen de agora, pero que iso non quita que cando por fin as ordenanzas se traen a debate deban facer un esforzo para que vaian o

mellor aquelasadas posible. Pregunta que pasará cos negocios que están dados e baixa ao principio do ano e logo pasan a ter actividade, e sinala que o seu grupo entende que deberían pagar proporcionalmente a taxa que lles correspondería.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, lembra, sobre o tema da posesión dun vehículo, que as ordenanzas fiscais de servizos sociais se modificaron en xaneiro de 2012, cando gobernaba o PP. Naquel momento a vontade de toda a oposición era a de eliminar este requisito e non houbo maneira, aínda que se aprobaron co compromiso do PP de revisalas inmediatamente. Afirma que no borrador que fixo o goberno anterior xa non constaba o tema do vehículo. Hai moitos cambios que habería que facer e se poderían ter feito se as cousas se fixeran co tempo que as hai que facer e atendendo aos requirimentos da oposición, xa que tamén ten representación.

A voceira do grupo do PP, Rocío Bértoa, dille á voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, que no ano 2012 houbo unha proposta do goberno do PP de modificar unha ordenanza non fiscal, á ordenanza de Servizos Sociais e se a oposición non quixera esta ordenanza debe lembrar que daquela o PP gobernaba con seis concelleiros dos dezasete da Corporación. Dende 2011 a 2015 as cousas que saíron deste goberno no Pleno tivo que contar cos votos do goberno e coa abstención ou os votos a favor dalgún partido político da oposición. Respecto do dito que deixou feito un borrador en Servizos Sociais dille que lle pase igual que ao anterior alcalde, que tiña moitos borradores e non presentou nada porque a oposición lle ía votar en contra. Na lexislatura 2011 a 2015 aquí trouxéronse moitas cousas das que moitas saíron adiante, xa que a oposición cando ve que é bo para o pobo soe votar a favor, non como o BNG, que votou en contra dalgunhas obras, en cambio o PP sempre que houbo algunha proposta de obras votou a favor. Respecto das ordenanzas fiscais, o goberno anterior nunca tivo o voto en contra do PP xa que nunca presentou ningunha, por iso non o pode ter. Dille ao PSOE que agora comeza un período de alegación, o cal xustifica aínda máis a urxencia deste Pleno. Nos orzamentos do 2018 víronse unhas alegacións sorprendentes que foron desestimadas segundo un informe de intervención. En canto ás alegacións ás ordenanzas fiscais este goberno, os nove concelleiros, non lle teñen ningún medo, senón que lle parece un exercicio democrático que a xente participe e faga as alegacións que estimen oportunas. Se as alegacións se teñen base e se poden aplicar, o goberno terá diálogo e se poderán reformular, caso contrario quedarán como se presentaron. Respecto do padrón do lixo di que se esta a liquidar anualmente, por iso habería que facer unha proporcionalidade dependendo da apertura e do peche, algo que terán que mirar o servizo de tesourería e recadación.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 6 abstencións (2 do grupo municipal Socialista, 3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar a antedita Proposta.

3. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación, imposición e ordenación da Ordenanza fiscal núm. 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 11.10.2018 por 6 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 1 abstención do grupo Mixto municipal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, na actualidade non recolle, no caso da inhumación de restos cadavéricos, a posibilidade de que se leve a cabo unha soa apertura para depositar os restos de mais dunha persoa. Por outra banda, enténdese que é necesario a creación dunha tarifa específica no caso das licenzas para exhumación de restos coa única finalidade de depositalos no seu cinceiro.

Por parte de esta alcaldía, e a tenor do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, unha vez emitido informe pola técnico de xestión financeira e recadación e conformado pola tesoureira municipal, o 8 de outubro, considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da

Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta alcaldía propón a adopción, polo pleno deste Concello do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, do seguinte xeito

Modificar o apartado a) do artigo 2.- Feito impoñible

O feito impoñible realízase pola utilización dos seguintes servizos, que se prestan no cemiterio municipal:

- a) Licenzas de apertura para inhumacións e exhumacións.

Modificar o artigo 7.- Cota tributaria, co seguinte tenor:

Servizo	Concepto	Cota
Inhumacións ou exhumacións	Licenza de apertura	105,30
	Exhumación de restos para depósito no cinceiro	50,00
Concesión de nichos	Tarifa de referencia	654,05
	Nicho intermedio (110%)	682,05
	Nicho superior (100%)	654,05
Transmisión da titularidade	Nicho inferior (90%)	621,60
	Mortis causa (5% da tarifa de referencia da concesión)	35,05
	Inter vivos (20% da tarifa de referencia da concesión)	140,40
Conservación e vixilancia	Por cada nicho	13,10
	Colocación de lápidas e ornamentos	13,60
Utilización do fogar funerario	Por día	168,00
Transporte ao cemiterio	Viaxe de ida e volta	2,25

Engadindo o párrafo seguinte:

No caso da exhumación e inhumación de restos cadavéricos liquidarase unha única taxa por permiso de apertura, con independencia do número de persoas para as que se solicite a licenza sempre e cando se realice no mesmo acto e no mesmo nicho.

Segundo.- Aprobar a modificación da disposición final da ordenanza fiscal núm. 16, indicando que a modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro.- O presente acordo provisional exporase ao público durante o prazo de 30 días, a contar dende o seguinte a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado.

Cuarto.- Unha vez aprobado definitivamente o acordo, ordenar a publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia:

ORDENANZA FISCAL Nº 16

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

Fundamento legal

Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no Art. 57 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal.

Feito impoñible

Artigo 2º.-

O feito impoñible realízase pola utilización dos seguintes servizos, que se prestan no cemiterio municipal:

- a) Licenzas de apertura para inhumacións e exhumacións.*
- b) Concesión de nichos.*
- c) Autorizacións para transmisións de nichos.*
- d) Conservación e vixilancia de nichos.*
- e) Utilización do fogar funerario.*
- f) Servizo de transporte ao cemiterio.*

Devengo

Artigo 3º.-

As taxas devengarase no momento da obtención da autorización municipal para a utilización de calquera dos servizos enumerados no artigo 1º.

Independentemente do anterior, e ao abeiro do disposto no Art. 26 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, a taxa liquidarase cando se presente a solicitude que inicie o expediente.

Condicións da concesión

Artigo 4º.-

1.- A concesión de nichos entenderase a perpetuidade.

O dereito que se adquire polo pagamento da tarifa correspondente a nichos e cinceiros non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nos devanditos espazos polo tempo que preste servizo o cemiterio, sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos e cumpran as normas que a este efecto se establecen nesta Ordenanza.

2.- Os criterios para a concesión de nichos que se realicen en novas promocións rexeranse en cada momento polo que determine o Pleno da Corporación Municipal.

Para a adxudicación de ocos incluídos na reserva municipal, tendo en conta a excepcionalidade e o carácter restrinxido que esta ten, seguirase un criterio baseado na adxudicación correlativa das existencias mais antigas atendendo aos criterios de orde alfabética das mazás e numérica dos nichos.

Suxeito pasivo

Artigo 5º.-

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas que obteñan as autorizacións municipais e utilicen calquera dos servizos enumerados no Art. 2º.

Responsables

Artigo 6º.-

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a quen se refire o Art. 42.1 da Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o Art. 43.1 apartados a), b), c) da Lei Xeral Tributaria 58/03.

Cota tributaria

Artigo 7º.-

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

Servizo	Concepto	Cota
Inhumacións ou exhumacións	Licenza de apertura	105,30
	Exhumación de restos para depósito no cinceiro	50,00
Concesión de nichos	Tarifa de referencia	654,05
	Nicho intermedio (110%)	682,05
	Nicho superior (100%)	654,05
Transmisión da titularidade	Nicho inferior (90%)	621,60
	Mortis causa (5% da tarifa de referencia da concesión)	35,05
	Inter vivos (20% da tarifa de referencia da concesión)	140,40
Conservación e vixilancia	Por cada nicho	13,10
	Colocación de lápidas e ornamentos	13,60
Utilización do fogar funerario	Por día	168,00
Transporte ao cemiterio	Viaxe de ida e volta	2,25

No caso da exhumación e inhumación de restos cadavéricos liquidarase unha única taxa por permiso de apertura, con independencia do número de persoas para que se solicite a licenza sempre e cando se realice no mesmo acto e no mesmo nicho.

As permutas terán a consideración, ós efectos de esta Ordenanza, de dúas transmisións intervivos.

Normas sobre a colocación de lousas.

Artigo 8º.-

As normas que deberán observarse para a colocación de lousas nas frontes dos nichos son as seguintes:

1.- As obras complementarias nos nichos poderán ser: inscricións, cruces, urnas, lápidas e recubrimento ou aplacado das andanas, hastiais e repisas, de acordo coa nomenclatura do debuxo anexo.

2.- Hastiais (1): Manteranse libres de ornamentación e revestiranse de aplacado de granito tipo "labrador claro" ou similar, dun espesor que non supere os 3 cm. Levarán na súa parte superior un aleiro ou voadizo a bases de dúas pezas do mesmo material, superpostas Segundo detaie B-B' sinalado no debuxo; non levarán resaltes entre ringleiras consecutivas.

3.- Repisas (2 e 4), andanas (3) e zócalos (5): Os materiais empregados nestas zoas, serán os mesmos que no caso anterior. As repisas axustaránse ós detaies C e D do debuxo e os zócalos ó detaie E do mesmo; nestes, dada a imposibilidade de manter a mesma medida en altura en toda a lonxitude dunha mesma fila, procurarase mante-la continuidade gardando a alineación na parte alta do zócalo; ó igual que nas repisas, non se permitirán resaltes en ringleiras consecutivas.

Nos nichos individuais, para colocar as andanas verticais, resulta preciso o acordo entre os tres propietarios dunha mesma fila, có fin de que as tiras sexan dunha soa peza, tal e como se indica no debuxo, e manténdose a homoxeneidade dos materiais a empregar, que serán os especificados anteriormente. Nestes nichos, o custo de colocación do hastial, así como o da lápida do cinceiro e zócalo, repartirase entre os tres propietarios e a súa colocación farase ó mesmo tempo que as das lápidas.

4.- Lápidas de nichos e cinceiros (6): serán de composición a elixir libremente en cor branca ou negra, sendo recomendábel esta última. Nos nichos individuais, rexerán as mesmas normas, debendo poñerse de acordo os propietarios dunha mesma fila en canto á elección da cor, có fin de evitar a multiplicidade de cores.

5.- As inscricións, cruces, signos, floreiros, capelas e demais elementos de decoración e identificación, elixiranse libremente, quedando á vontade dos interesados o colocalos ou non, se ben no caso de dispoñerse algún dos ditos elementos, a súa situación na lápida axustarase en tódolos

casos, e na medida do posíbel, ao que se contempla no plano adxunto, coidando que se garden a mesma alineación entre ringleiras consecutivas, no referente ao voo destes elementos con respecto á lápida.

Nas lápidas individuais, pode optarse pola colocación dun ou varios dos elementos mencionados, para os que rexerá a mesma normativa en canto ao voo.

Normas de xestión

Artigo 9º.-

1.- Todas as licenzas e autorizacións para a utilización dos servizos aos que se refire esta Ordenanza, serán concedidos por Resolución da Alcaldía.

2.- O Encargado do Cemiterio non prestará ningún servizo mentres o usuario non tivese a correspondente autorización municipal, incorrendo en caso contrario en responsabilidade administrativa. Para o cumprimento de tal obriga remitirase ao encargado copia de todas as licenzas concedidas.

3.- Para utilizar calquera dos servizos a que se refire esta Ordenanza, solicitarase por escrito a correspondente licenza ou autorización, liquidándose as taxas polo sistema de depósito previo antes de anotar a petición no Libro de Rexistro de Entrada de documentos. A devandita liquidación provisoria converterase en definitiva no momento da concesión da licenza ou autorización.

4.- Cando a natureza material da taxa esixa o reporte periódico da mesma, o mesmo terá lugar o 01 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia, co conseguinte rateo trimestral.

5.-Cando por causas non imputábeis ao suxeito pasivo, o servizo público non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

6.- Será condición indispensábel para proceder a realizar o cambio de titularidade por "mortis causa" ou "inter vivos", estar ao corrente no pago das taxas.

7.- Poderá declararse a caducidade, e reverterá ó Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura, entre outras causas, por abandono da mesma, considerándose como tal o transcurso de cinco anos desde a última inhumación verificada nela, sen que o seu titular, familiares ou parentes, aboaran os dereitos correspondentes á conservación.

Exencións

Artigo 10º.-

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión dos enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade, sempre e cando os gastos do enterro non sexan legal ou contractualmente a cargo doutra persoa ou Entidade con capacidade económica de abondo para satisfacelas.

Infraccións e sancións

Artigo 11º.-

Constitúe infracción, o feito de utilizar calquera dos servizos aos que se refire esta Ordenanza, sen a obtención da correspondente autorización municipal.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que das mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Art. 178 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

Disposición final Aprobación e vixencia

A modificación da presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, ata a súa modificación ou derogación expresa."

Asinado dixitalmente en Fene polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal."

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que esta proposta consiste na modificación do feito impoñible que, ata o de agora se recollía segundo o concepto de licenza e agora modifícase co concepto de licenza de apertura, buscando que se inclúan nelas as inhumacións e exhumacións que liquidarán unha única taxa con independencia do número de persoas para o que se solicitan. Ata o de agora expedíanse licenzas polo número de autorizacións sanitarias e agora, aínda que se mantén o importe da taxa, darase unha soa licenza por acto e nicho con independencia o número de restos cadavéricos que teña o nicho ou cinceiro. Tamén se crea unha única taxa de exhumación de restos para depósito no cinceiro de 50,00 euros.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se trata dunha ordenanza complicada e por tanto, xa na Comisión votaron a favor e hoxe tamén o farán, xa que se trata dun problema que se estaba a xerar na veciñanza. Pensa que se trata dunha modificación axeitada. Aproveita para pedirlle ao goberno, ao respecto da posibilidade de facer un Pleno extraordinario para facer obras no cemiterio, que aínda que poida ser complicada facer outra fase de nichos no cemiterio, co superávit que se falou para facer obras se estude a posibilidade de facer un columbario.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que esta proposta responde a unha necesidade urxente que xa a mediados do 2016 detectouse que existía esta problemática e entendíase que era unha modificación que urxía facer para corrixir o que entende como unha inxusticia sobre o cobro que se facía aos usuarios do cemiterio respecto das inhumacións e exhumacións. Unha vez modificada a ordenanza non atopa solución ao problema dos enterramentos da fin de semana, xa que cando alguén falece o venres, segundo a costume, procede facer o enterramento ao día seguinte ou máximo dous días despois. Esta dificultade administrativa non se soluciona e pensa que neste ou noutro momento habería que abordala. Respecto da propiedade dos nichos ou da concesión hai unha preocupación que lle consta que algún veciño trasladou ao goberno. Hai unha diferenza entre o que no seu momento se lle ofertaron aos veciños, vendas e propiedade dos nichos municipais ao que agora se recolle. Revisada a lexislación é certo que recolle que os nichos municipais se poidan vender e por tanto haberá que falar de concesións e da nulidade daquelas vendas que se produciron nun momento determinado, por iso é convinte que se lles esclareza aos propietarios de nichos no cemiterio municipal cal é a situación real. Por outro lado gustaríalle que a ordenanza regulase concesións a perpetuidade, xa que é a situación que se ten encaixe na lei máis pode favorecer á veciñanza, pero a lexislación tamén fala dun límite legal ás concesións que é de 75 anos, que de ser de aplicación deixaría nunha situación preocupante a aqueles que pensaron que adquirirían unha propiedade ou un uso de por vida, sobre todo porque pode haber transmisións intervivos, segundo regula a propia ordenanza o que conleva que quen reciba as propiedade sexa consciente do que recibe, xa que nestes momentos o cemiterio xa ten uns 40 anos e poden quedar unha vida útil das concesións duns 35 anos. Tamén destaca que a lexislación contempla que o depósito dos restos pódense entender a perpetuidade pero só para os que xa están depositados, non así para introducir novos restos cadavéricos no momento de que venza a concesión. Esta situación legal debíase abordar con prontitude. Polo resto, as propostas que presenta o goberno son urxentes, é un problema que vén afectando dende hai varios anos á veciñanza e entende que é urxente que se corrixa por iso o voto do seu grupo será favorable. Rógalle ao goberno que expoña súa posición respecto do alegado na súa intervención, asumindo que esta situación leva vixente varios anos e que todos estiveron no goberno, así todos teñen responsabilidade nisto. O seu grupo tivo coñecemento disto a partir do ano 2016 e nos meses que estivo no goberno non foron quen de impulsar este tema, pero unha vez que nace o debate pensa que é o tempo de ir solucionando a xestión deste servizo municipal, que por outro lado pensa que se trata dun servizo municipal que ofrece un alto grao de satisfacción para os familiares dos usuarios do servizo.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que entende que se trata de algo prioritario e demandado pola veciñanza anuncia que vai manter a súa postura da abstención, facendo constar que esta de acordo coa modificación proposta, pero entende que segue a votar en falta a comunicación cos diversos grupos municipais. É certo que no anterior goberno do PP, aínda sendo 6 concelleiros, traían as cousas pero de xeito consensuado, se chamaba e se facían achegas, por iso agora tamén poderían ter achegado cousas tanto a estas como as demais ordenanzas que se traen hoxe, por iso nas Comisións abstívose para podelas examinar durante a fin de semana pero sen poder facer ningunha xuntanza e achegar ningunha proposta antes do Pleno, pois vota en falta o que a oposición poida dicir.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértola Puente, que di que para esta ordenanza non existiu nin unha soa suxestión da oposición precisamente polas intervencións que se están a escoitar aquí que, como dixo o voceiro do grupo municipal do BNG, esta totalmente de acordo. Así tamén se manifestou o voceiro do grupo municipal Socialista, non así a voceira do grupo Mixto municipal que lle pode máis a súa labor de oposición de paralizar, aínda que neste caso non poderá ser, que pensar na veciñanza de Fene. Un acto de democracia do grupo Mixto municipal sería dicir que non tivo tempo a miralo, pero que é algo que sempre quixo aínda que non foi quen de facelo cando estivo no goberno e por iso votará a favor. Respecto das obras para o columbario estase buscando o xeito de facer o encaixe para que se poida financiar co superávit. En relación co dito polo voceiro do grupo municipal Socialista, subscribe as súa palabras de que ata que non se empeza a traballar nos asuntos as veces non se sabe os defectos que pode haber, neste sentido dille que todos son culpables de non tocar as ordenanzas fiscais, da costume que hai en Fene de regular nas ordenanzas fiscais circunstancias que serían obxecto noutro tipo de ordenanzas, como o do tema das concesións, que pensa que non son obxecto nunha ordenanza fiscal. Tamén pasou co tema das terrazas que non tiñan ordenanza de regulación e só había unha ordenanza fiscal. A elaboración desta outra ordenanza de xestión sería obxecto doutra área da organización.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que lle pide á concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértola Puente, que non poña na súa boca cousas que non dixo, non dixo que non lle preocupase a situación do cemiterio, senón que constase que estaba de acordo coa petición que se formula. Dixo que non estaba de acordo co xeito de actual de traballar do grupo de goberno cando antes si traían cousas que se consensuaban, porque non lles quedaba máis remedio que facelo así porque non tiñan maioría, xa fose co voto favorable ou coa abstención da oposición. As cousas hainas que facer contando coa oposición porque son dezasete concelleiros.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que dille á voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que recolle a lanza e pon como exemplo os catro anos de goberno do PP dende o 2011 ao 2015 e os tres anos de goberno no que tamén participou ela e preguntalle que foi o que se lle consultou ao PP neles, porque con seu goberno non houbo consenso nunca.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que non é certo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que reitera que é algo urxente resolver a situación, sexa no marco xurídico que corresponda, porque nun momento dato neste Concello se venderon nichos a veciños, que anos máis tarde descubriron que son concesións a perpetuidade, tal e como figura nos recibos, pero hai unha normativa legal que fala de 75 anos. Non lle gustaría que os veciños descubran que non teñen nichos a perpetuidade senón outra cousa, por tanto esta é unha cuestión urxente a resolver. O goberno pode dar unha instrución administrativa aos funcionarios que se encarguen destes traballos que no momento que se xestione unha transmisión se informe dos termos reais en que se fan, porque hai pouco tempo a xente pensaba que estaba a mercar nichos cando o que mercou foi a concesión de uso do nicho, algo completamente distinta.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértola Puente, que di que entende o que di o voceiro do grupo municipal Socialista, pero aclara que este asunto non é un tema da ordenanza fiscal, con independencia que haxa que poñerse a traballar nisto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 14 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal Somos Fene, 2 do grupo socialista e 3 do grupo do BNG), con 1 abstención do grupo Mixto municipal.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar a antedita Proposta.

4. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación, imposición e ordenación da Ordenanza fiscal núm. 23, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 11.10.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O artigo 95 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, recolle no seu punto 6 a posibilidade de que as ordenanzas fiscais podan regular, sobre a cota do imposto, incrementada ou non pola aplicación do coeficiente, bonificacións de ata o 75 por cento en función da clase de carburante que consuma o vehículo, en razón á incidencia da combustión do devandito carburante no medio ambiente; así como en función das características dos motores dos vehículos e a súa incidencia no medio ambiente.

Indicando, do mesmo xeito, que a regulación dos aspectos substantivos e formais das bonificacións establecerase na ordenanza fiscal.

A Deputación da Coruña, como ente delegado na xestión e cobro do IVTM, da traslado a este Concello da necesidade de cambear de criterio respecto ás solicitudes de exención por minusvalía, unha vez lle foi notificada a sentenza desestimatoria da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 22 de xuño, recaída no recurso de apelación interposto pola Deputación contra sentenza dun xulgado contencioso administrativo, na que se estimaba a pretensión do demandante ao considerar que a situación de pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente total acreditaba a afectación por un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Considerando a necesidade de cambear o criterio, ata agora mantido, e procedendo a estimar as solicitudes de exención por minusvalía cando, ademáis de cumprir o resto dos requisitos legais, sexan instadas por persoas que acrediten a súa condición de pensionistas da seguridade social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez; ou pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Por parte de esta Alcaldía, e a tenor do disposto no Real Decreto 2/2004, unha vez emitido informe pola técnico de xestión financeira e recadación e conformado pola Tesoureira Municipal, o 8 de outubro, considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta alcaldía propón a adopción, polo pleno deste Concello do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da Ordenanza Fiscal nº 23, reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, do seguinte xeito

Modificar o artigo 9.- Bonificacións, co seguinte tenor:

Artigo 9º

1.- Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera tomando como tal a da súa primeira matriculación, ou no seu defecto a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 50 % da cota incrementada do imposto, previa solicitude do interesado, na que acredite a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou de industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. En todo o caso, o outorgamento da bonificación causará efecto no exercicio seguinte ao da súa concesión.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente no pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

2.- Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible

que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

A) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico- gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación.

B) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% da cota con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.

C) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno e GLP ou mixtos GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75 % na cota en tanto utilicen os combustibles citados.

Para poder gozar das bonificacións a que se refire este apartado 2, os interesados deberán instar a súa concesión, xuntando copia compulsada do permiso de circulación, da ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste artigo e a documentación acreditativa dos requisitos. As bonificacións reguladas no presente artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, disfrutará da mais alta.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente no pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

A bonificación solicitada despregará os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do ano inmediatamente posterior á súa concesión, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta.

3.- As solicitudes e documentación presentaranse en calquera das oficinas de Xestión Tributaria da Deputación provincial da Coruña, sitas en Narón, Ferrol ou A Coruña, ou no propio Rexistro Xeral do Concello de Fene.

Modi o artigo 10.- Exen c segui t

Artigo 10º

Estaran exentos do impostos os vehiculos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto 2/2004.

Para poder obter as exencións para persoas de mobilidade reducida ás que se refire o parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán cumprir os requisitos e achegar a documentación que se indica de seguido:

1. Requisitos:

- a) Grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- b) Os vehículos deben figurar a nome da persoa discapacitada.
- c) O vehículo debe de ser para uso exclusivo da persoa discapacitada.
- d) O beneficiario non pode gozar do beneficio fiscal por outro vehículo.

Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

2. Documentación:

- a) *Solicitud do interesado.*

b) *Orixinal ou fotocopia compulsada do certificado da discapacidade expedido polo órgano competente ou, na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grao de total, absoluto ou gran invalidez, ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.*

c) *Fotocopia do permiso de circulación onde conste a titularidade do vehículo na persoa discapacitada.*

d) *Declaración do titular do vehículo facendo constar que non posúe ningún outro vehículo que teña concedido o beneficio fiscal que se solicita ou, no seu caso, renuncia deste facendo constar a matrícula do vehículo.*

3. Prazos e lugar de presentación:

As solicitudes e documentación presentaranse en calquera das oficinas de Xestión Tributaria da Deputación provincial da Coruña, sitas en Narón, Ferrol ou A Coruña, ou no propio Rexistro Xeral do Concello de Fene.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente no pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

A bonificación solicitada despregará os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do ano inmediatamente posterior á súa concesión, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta.

Segundo.- *Aprobar a modificación da disposición final da ordenanza fiscal núm. 23, indicando que a entrada en vigor da mesma será o día 1 de xaneiro de 2019.*

Terceiro.- *O presente acordo provisional exporase ao público durante o prazo de 30 días, a contar dende o seguinte a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado.*

Cuarto.- *Unha vez aprobado definitivamente o acordo, ordenar a publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia:*

"ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Fundamento Legal

Artigo 1º.-

De conformidade co disposto no artigo 59.1c) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establececese o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Natureza e feito imponible

Artigo 2º.-

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica e un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza aptos para circular polas vías públicas.

Considerase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes mentres non causara baixa nestes.

Os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Non están suxeitos a este imposto:

os vehículos que foran dados de baixa no rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certámenes ou carreiras limitadas os desta natureza.

Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuia carga útil non sexa superior a 750 Kilogramos.

Suxeito Pasivo

Artigo 3º.-

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que teñan o seu nome o vehículo no permiso de circulación.

Cota de gravame

Artigo 4º.

De conformidade co previsto no Art. 95.4 en relación có 95.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1998 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o imposto se esixirá con atención ao seguinte cadro de tarifas. O mesmo resulta de multiplicar a tarifa base incluída no devandito Art. 95.1 do R.D. Lexislativo 2/2004 por un coeficiente de 1,5 en todas as clases de vehículos e tramos de potencia, agás nos turismos de 16 cabalos fiscais en adiante e nas motocicletas de máis de 500 c.c., onde é de aplicación un coeficiente de 1,6.

Clases de vehículos	Cota
A. TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	20,79
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	55,52
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	117,16
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	145,95
De 20 cabalos fiscais en adiante	182,43
B. AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	135,74
De 21 a 50 prazas	192,63
De mais de 50 prazas	241,58
C.- CAMIONS	
De menos de 1.000 kg. de carga útil	68,90
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	135,74
De mais de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	194,45
De mais de 9.999 kg de carga útil	241,58
D.- TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	28,79
De 16 a 25 cabalos fiscais	45,22
De mais de 25 cabalos fiscais	135,74
E.- REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHICULOS DE TRACCION MECANICA	
De menos de 1.000 kg. e mais de 750 kg. de carga útil	28,79
De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	45,22
De mas de 2.999 kg. de carga útil	135,96
F.- OUTROS VEHICULOS	
Ciclomotores	7,25
Motocicletas ata 125 c.c.	7,25
Motocicletas de mais de 125 ata 250 c.c.	12,35
Motocicletas de mais de 250 ata 500 c.c.	24,70
Motocicletas de mais de 500 ata 1.000 c.c.	49,29
Motocicletas de mais de 1.000 c.c.	98,69

Normas de xestión, administración e cobranza

Artigo 5º.-

O período impositivo coincide co ano natural. A data da esixibilidade do imposto e o primeiro día do período impositivo.

O pagamento do imposto acreditarase mediante o correspondente recibo. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais, nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota, nos mesmos termos, nos supostos de baixa temporal por

substracción ou roubo do vehículo, desde o momento en que se producira dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

Artigo 6º.-

Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos -sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos- deberán acreditar previamente ante a Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixíbel por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas por dito concepto reportadas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Se exceptúa da referida obriga de acreditación o suposto de baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, salvo que se modificara o consignado nos mesmos.

Artigo 7º.-

1º.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual. No mesmo figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

2º.- O padrón ou matrícula do imposto expoñerase ao público polo prazo de un mes, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

3º.- O instrumento acreditativo do pagamento deste imposto será a carta de pagamento debidamente dilixenciada, de terse producido o ingreso da cota na Tesourería Municipal, ou mediante domiciliación bancaria en entidade colaboradora para a xestión de tributos.

Artigo 8º.-

En todo aquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 4ª, da sección 3ª, do capítulo II, Título II, do citado R.D. Legislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Bonificacións

Artigo 9º.-

1.- Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera tomando como tal a da súa primeira matriculación, ou no seu defecto a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 50 % da cota incrementada do imposto, previa solicitude do interesado, na que acredite a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou de industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. En todo o caso, o outorgamento da bonificación causará efecto no exercicio seguinte ao da súa concesión.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente no pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

2.- Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consoma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

A) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico- gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación.

B) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75% da cota con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.

C) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno e GLP ou mixtos GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas

homologadas para devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 75 % na cota en tanto utilicen os combustibles citados.

Para poder gozar das bonificacións a que se refire este apartado 2, os interesados deberán instar a súa concesión, xuntando copia compulsada do permiso de circulación, da ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste artigo e a documentación acreditativa dos requisitos. As bonificacións reguladas no presente artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, disfrutará da mais alta.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente no pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

A bonificación solicitada despregará os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do ano inmediatamente posterior á súa concesión, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta.

3.- As solicitudes e documentación presentaranse en calquera das oficinas de Xestión Tributaria da Deputación provincial da Coruña, sitas en Narón, Ferrol ou A Coruña, ou no propio Rexistro Xeral do Concello de Fene.

Exen

Artig 10º.-

Estaran exentos do impostos os vehiculos incluídos no artigo 93.1 do Real Decreto 2/2004.

Para poder obter as exencións para persoas de mobilidade reducida ás que se refire o parágrafo e) do apartado 1 do artigo 93 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, os interesados deberán cumprir os requisitos e achegar a documentación que se indica de seguido:

1. Requisitos:

- a) Grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.*
- b) Os vehículos deben figurar a nome da persoa discapacitada.*
- c) O vehículo debe de ser para uso exclusivo da persoa discapacitada.*
- d) O beneficiario non pode gozar do beneficio fiscal por outro vehículo.*

Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

2. Documentación:

- a) Solicitud do interesado.*
- b) Orixinal ou fotocopia compulsada do certificado da discapacidade expedido polo órgano competente ou, na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grao de total, absoluto ou gran invalidez, ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.*
- c) Fotocopia do permiso de circulación onde conste a titularidade do vehículo na persoa discapacitada.*
- d) Declaración do titular do vehículo facendo constar que non posúe ningún outro vehículo que teña concedido o beneficio fiscal que se solicita ou, no seu caso, renuncia deste facendo constar a matrícula do vehículo.*

3. Prazos e lugar de presentación:

As solicitudes e documentación presentaranse en calquera das oficinas de Xestión Tributaria da Deputación provincial da Coruña, sitas en Narón, Ferrol ou A Coruña, ou no propio Rexistro Xeral do Concello de Fene.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente no pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

A bonificación solicitada despregará os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do ano inmediatamente posterior á súa concesión, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta.

Inf e san

Artig 11º.-

En materia de tributos locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan, coas especificacións que resulten da presente Lei e as que, no seu caso, se establezan nas Ordenanzas Fiscais ao amparo da Lei.

Dis Adi Primei

1. En orden á aplicación das tarifas, o concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no Real Decreto 2822/98 de 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos, tendo en conta ademais, para resolve-las dúbidas de calificación que poideran plantexaese as seguintes normas:

2. En todo caso, a rúbrica xenérica de tractores a que se refire o epígrafe 4 das Tarifas, comprende aos Tractocamiós e aos tractores de obras e servizos.

3. A potencia fiscal expresada en caballos fiscais establecerase de acordo có disposto no artigo 260 do Código de Circulación.

4. Para resolve-las dúbidas de calificación que poideran plantexarse, utilizaranse subsidiariamente as seguintes normas:

1ª. Os vehículos definidos como Mixtos, Todo Terreno, Mixtos adaptables, Mixto Todo Terreno, Furgón Mixto adaptable, Autocaravanas, Monovolume e similar polo literal da clave numérica reflectado na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

- Si o vehículo estivera habilitado para o transporte de mais de nove persoas, incluído o conductor, tributará como autobús.

- Si o vehículo estivera autorizado para transportar mais de 750 kgs. de carga útil, tributará como camión.

- Os vehículos furgóns (clasificación 24, 25 y 26 do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos), tributarán aos efectos deste imposto, pola súa carga útil.

2ª. Os motocarros terán a consideración, aos efectos deste Imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada.

3ª. Os quads tributarán, ao igual que os cuatriciclos, pola súa cilindrada.

4ª. No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.

5ª. No caso de remolques e semirremolques que pola súa capacidade non veñan obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o intre que se expedira a certificación correspondente polo organismo competente ou, no seu caso, cando realmente estén en circulación.

6ª. As máquinas autopropulsadas que poidan circular poas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

Dis f

A modificación da presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2019, ata a súa modificación ou derogación expresa."

Asinado dixitalmente en Fene polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe."

Toma a palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que se trata de modificar, segundo permite a Lei reguladora de Facendas Locais, aqueles vehículos segundo o carburante que consuman e a súa combustión en relación co medio ambiente. O goberno municipal aposta pola conservación do medio ambiente e favorece a aqueles veciños que teñan un especial interese en adquirir vehículos menos contaminantes se vexan recompensados coa súa aposta, coa bonificación desta taxa. Tamén se trae unha ampliación da exención da taxa paras as persoas que tivesen unha minusvalía igual ou superior ao 33% con aquelas outras que acrediten a súa condición de pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecidas unha pensión de incapacidade total, absoluta ou de gran invalidez, todo isto en base á xurisprudencia do TSXG.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que ao comezo do Pleno presentou un documento cunha serie de emendas que non se admitiron o outro día.

A explicación da concelleira de Facenda respecto das minusvalías non foi moi correcta pero non vai entrar a debater isto. O que o seu grupo dixo na Comisión foi que se teña en conta dúas emendas, por un lado a modificación do artigo 9 para modificar ao 100%, senón outro tipo para os vehículos históricos, así todos os concellos da comarca teñen unha bonificación máxima agás dous deles que teñen unha bonificación do 90%. Fene ten un 50% e solicitan que se lles aumente a dita bonificación. Este xeito de facer as cousas do goberno non permite facer as achegas que consideran oportunas á oposición e non permite ver as cousas con calma. Por outro lado quere incluír unha exención para os vehículos de transporte público adaptados, taxis ou furgonetas, do 100%, é dicir para aqueles veciños que teñan outro vehículo adaptado para o transporte de minusválidos. Igual que hai bonificacións para persoas con minusvalías considera que todos os demais vehículos adaptados que os transporten se inclúan na máxima bonificación. Se estas emendas son aceptadas votarán a favor, caso contrario abstenderíanse.

A continuación intervén o alcalde que rexeita as emendas porque carecen dos informes de secretaría e intervención e non se lle poden dar trámite no Pleno.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que para o seu grupo a proposta de modificación segundo o que permite a lexislación para favorecer os vehículos que realizan menos emisións é favorable. É certo que nota algunhas carencias no desenvolvemento da normativa que pensa que hai que desenvolver. Por unha banda ve ben as exencións que se fan respecto dos discapacitados pero non ve ningún tratamento semellante para as familias desfavorecidas ou en situación de precariedade económica que tamén debía recoller a ordenanza. Respecto das cuestións que acaba de sinalar o voceiro do grupo municipal do BNG di que o seu grupo non ten opinión en firme respecto dos vehículos históricos, xa que por un lado esta o valor de respectar un ben cultural e por outro esta o tema do consumo e das emisións. En relación coa exención para os vehículos de transporte público adaptado a normativa que trata as exencións para os discapacitados fala de uso exclusivo para os descatados, por ese entende que a realidade que traslada o BNG é diferente, primeiro porque é un uso comercial e segundo porque non é un uso exclusivo. Por tanto, nun principio non ve claro a exención, outra cousa sería falar dunha bonificación para ter en conta o efecto singular de que son vehículos que prestan un servizo a persoas discapacitadas. Parécelle importante e urxente que se primen xa aos vehículos con poucas emisións cara a favorecer e promocionar que a cidadanía se oriente cara os vehículos menos contaminantes, pero solicita a petición dun tratamento fiscal singular para os colectivos desfavorecidos economicamente e a súa predisposición a falar do argumentado polo BNG.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia a súa abstención porque non se entra ao fondo do debate de ningunha das propostas de emenda que se propuxeron non ten obxecto debater máis.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, que quere precisar que se dixo exención, equivocouse, xa que quixo dicir bonificación, respecto dos vehículos públicos adaptados.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a respecto das emendas, segundo xa se lle manifestou ao grupo municipal do BNG na Comisión respecto da exención do 100% dos vehículos históricos, o goberno aposta polo medio ambiente, por todos aqueles que invisten en motores menos contaminantes, todos os gobernos están apostando por isto polo que sería ilóxico que o goberno propuxera por un lado estas modificacións para vehículos menos contaminantes e por outro lado que se bonificase aos vehículos que consumen e producen emisións que contradín a natureza desta proposta. Estas non son as ordenanzas definitivas e espera que logo de maio, no verán, se comece a traballar novamente na modificación das ordenanzas, cando se poderán presentar as propostas que se estimen convenientes. Respecto dos transportes públicos, que non se propuxo na Comisión pero que propuxo hoxe, di que se trata dunha actividade económica e non se dedican única e exclusivamente a transporte de persoas con discapacidade, senón que o seu uso comercial é para todos, polo que considera complicado aplicar esa bonificación amparándose no uso de persoas con minusvalías recoñecidas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di, respecto dos vehículos históricos, que hai que ter en conta que nos vindeiros meses haberá que facer algunha modificación máis para adaptarse á normativa, porque supón que a concellería de Facenda cando fixo

isto saberá que o concepto de vehículo histórico modificouse en maio deste ano, de xeito que agora teñen que ter máis de 30 anos e demais cousas. Todo isto haberá que adaptalo na ordenanza e pensou que igual este era un bo momento para facelo. Á marxe disto, as modificacións que se fan son case por imperativo legal. O seu grupo propuxo a exención dos vehículos históricos sabendo que contaminan máis, pero tamén circulan moito menos. Chámalle a atención á preocupación que ten o goberno porque mirou a actitude do Partido Popular ao respecto noutros concellos e en Vigo, onde acaban de baixarlles a bonificación, foi montar case que unha manifestación en contra, na Coruña exactamente igual. Pide ser un pouco máis coherente, o seu grupo pediu dúas cousas concretas, a bonificación para vehículos de transporte público adaptados para pasalo do 50% ao 100%.

De seguido intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG esta ben que propoña, pero pídelle que non mesture cousas porque non vai dicir os cambios de opinión que ten o BNG, xa só en Fene.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal Somos Fene e 2 do grupo municipal Socialista), con 4 abstencións (3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar a antedita Proposta.

5. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación, imposición e ordenación da Ordenanza fiscal núm. 27, reguladora do imposto sobre bens inmobles

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 11.10.2018 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por parte de esta Alcaldía, e a tenor do disposto no Real Decreto 2/2004, unha vez emitido informe pola técnico de xestión financeira e recadación coa conformidade da Tesoureira municipal, o 8 de outubro, considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta alcaldía propón a adopción, polo pleno deste Concello do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, do seguinte xeito*

Modificar o artigo 3.- Tipo de gravame, co seguinte tenor:

ARTIGO 3º

De conformidade co previsto no artigo 72.3 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen a continuación.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,60% sobre o valor catastral dos mesmos.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,60% sobre o valor catastral dos mesmos.

3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3% sobre o valor catastral dos mesmos.

Modificar o apartado 6 do artigo 5º, bonificacións, co seguinte tenor:

6.- A tenor do disposto no artigo 74 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra aplicable aos bens inmobles de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular dunha familia numerosa.

A bonificación será

- do 75% para familias numerosas de categoría especial

- do 50% para familias numerosas de categoría xeral

Os suxeitos pasivos que pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do 31 de decembro do ano anterior ao período impositivo en que se pretenda que surta efectos.

Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

-Orixinal ou copia cotexada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

-Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.

A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos seguintes períodos impositivos, achegando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

As solicitudes e documentación presentaranse en calquera das oficinas de Xestión Tributaria da Deputación provincial da Coruña, sitas en Narón, Ferrol ou A Coruña, ou no propio Rexistro Xeral do Concello de Fene.

Asignar como apartado 7 o apartado 6 do texto anterior:

7.- As bonificacións recollidas neste artigo non son acumulables, nin aplicables simultaneamente, nin sucesivamente entre sí.

Segundo.- Aprobar a modificación da disposición final da ordenanza fiscal núm. 27, indicando que a entrada en vigor da mesma será o día 1 de xaneiro de 2019.

Terceiro.- O presente acordo provisional exporase ao público durante o prazo de 30 días, a contar dende o seguinte a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado.

Cuarto.- Unha vez aprobado definitivamente o acordo, ordenar a publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 27 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1.º. FUNDAMENTO LEGAL

De conformidade có disposto no artigo 59,1 a) do RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establécese o Imposto sobre Bens Inmobles.

ARTIGO 2.º. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

O imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real, cuio feito impoñible está constituído pola propiedade dos bens inmóbles de natureza rústica e urbán sitos no término municipal, ou pola titularidade dun dereito real de usufructo ou de superficie, ou pola titularidade dunha concesión administrativa sobre ditos bens ou sobre os servizos públicos ós que estén afectos e grava o valor dos referidos inmóbles.

ARTIGO 3.º. TIPO DE GRAVAME

De conformidade co previsto no artigo 72.3 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen a continuación.

- 1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,60% sobre o valor catastral dos mesmos.*
- 2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,60% sobre o valor catastral dos mesmos.*
- 3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3% sobre o valor catastral dos mesmos.*

ARTIGO 4.º. EXENCIONES

Ademais dos Bens Inmóbles do artigo 62 , apartados 1 e 2 , do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, estarán exentos por criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, os seguintes inmóbles:

- Inmóbles urbáns cuia cuota líquida resultante non supere o importe de 3,00 €.*
- Inmóbles rústicos cuia cuota líquida resultante non supere o importe de 2,00 €.*

ARTIGO 5.º. BONIFICACIONES

1.-Terán dereito a unha modificación do 50% na cuota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmóbles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción, e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como da rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á súa terminación, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

Para disfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a cal se fará mediante certificado do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.*
- b) Acreditación de que a empresa se dedica a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, a cal se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade.*
- c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do Imposto sobre Sociedades.*
- d) Fotocopia da alta ou último recibo do imposto sobre Actividades Económicas*

2.-Terán dereito a unha bonificación do 50% na cuota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó de outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme a Normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado que poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos no seu caso dende o período impositivo seguinte a aquél no que se solicite.

3.-Terán dereito a unha bonificación do 95% na cuota íntegra do , e no seu caso, do recargo do Imposto a que se refire o artigo 153 do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais os bens rústicos das cooperativas agrarias e da explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990 do 19 de decembro sobre Rexime Fiscal das Cooperativas.

4.-Terán dereito a unha bonificación do 95% na cuota íntegra do Imposto os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración.

Para poder gozar desta bonificación o suxeto pasivo deberá ser necesariamente o titular da actividade económica, debendo xustificar este extremo, e en todo caso, achegar a seguinte documentación:

a) Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante.

b) Memoria xustificativa da actividade económica que desenvolva, onde quede debidamente xustificada as circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas con acreditada relevancia, singularidade e importancia para o municipio que permitan declarar a actividade como de especial interese ou utilidade municipal.

De acordo coas circunstancias que concurran na actividade, a área municipal, concellaría, ou técnico municipal correspondente, emitirán informe ó respecto con proposta de resolución. Ésta poderá ser estimatoria ou desestimatoria, debendo estar debidamente motivada con referencia á documentación achegada polo solicitante e na mesma deben concretarse as circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que a xustifican e polo tanto a declaración de especial interese ou utilidade municipal da actividade económica que se desenvolva.

A declaración da actividade económica como de especial interese ou utilidade municipal por concurrir na mesma circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas corresponde ao Pleno por maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá carácter rogado, debendo solicitarse con anterioridade ó devengo do imposto, xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da súa solicitude, sen carácter retroactivo.

A bonificación manterase para cada ano, sen necesidade de reiterar a solicitude, sempre que se manteñan as condicións que motivaron a súa aplicación. Se se modifican estas condicións de forma que resulte improcedente a bonificación, os suxeitos pasivos virán obrigados a comunicalo ó Concello, a efectos de proceder á liquidación do seu importe total.

5.- Segundo o previsto no art. 74.2.quáter do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre a cota tributaria do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial no inmovible, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no art. 4 da Ordenanza Fiscal nº 24 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se acede segundo a

puntuación total que, segundo o orzamento de execución das obras ou instalacións, e o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación.

A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Bens Inmóbles, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IBI se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

A bonificación no IBI surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade.

O acordo de concesión da bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación, que acordará, simultaneamente, o dereito ao seu disfrute coa tramitación da bonificación no ICIO e no IAE.

Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberán manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir disfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

6.- A tenor do disposto no artigo 74 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra aplicable aos bens inmóbles de carácter residencial destinados a vivenda habitual e nos que figure como suxeito pasivo quen ostente a condición de titular dunha familia numerosa.

A bonificación será

- do 75% para familias numerosas de categoría especial

- do 50% para familias numerosas de categoría xeral

Os suxeitos pasivos que pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do 31 de decembro do ano anterior ao período impositivo en que se pretenda que surta efectos.

Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

-Orixinal ou copia cotexada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

-Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.

A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos seguintes períodos impositivos, achegando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

As solicitudes e documentación presentaranse en calquera das oficinas de Xestión Tributaria da Deputación provincial da Coruña, sitas en Narón, Ferrol ou A Coruña, ou no propio Rexistro Xeral do Concello de Fene.

7.- As bonificacións recollidas neste artigo non son acumulables, nin aplicables simultaneamente, nin sucesivamente entre sí.

ARTIGO 6.º. XESTIÓN TRIBUTARIA

Conforme o artigo 77 do Real Decreto 2/2004 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a Xestión do imposto exercerase pola Deputación da Coruña.

ARTIGO 7.º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Para todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias e a imposición das sanción s correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A presente Ordenanza Fiscal completárase có contido legal desenrolado polos artigos 60 a 77, ámbolos dous inclusivos, do Texto Refundido do Real Decreto 2/2004, e nas demais Leis do Estado concordantes e complementarias da mesma, así como nas disposición s dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos do imposto que dentro dos últimos catro anos anteriores á entrada en vigor da modificación da presente Ordenanza, sexan beneficiarios da bonificación pola introdución do beneficio fiscal contido no artigo 5 da mesma, terán dereito á aplicación retroactiva, durante os tres primeiros exercicios de inicio da actividade, do beneficio fiscal establecido na mesma porcentaxe que se lles tivera recoñecido no ICIO, sempre e cando se manteña o dereito á bonificación, e de se seguir cumprindo, durante os devanditos exercicios, os requisitos previstos no seu artigo 4, polo que procederá, no seu caso, a devolución de ingresos previa solicitude ao efecto do suxeito pasivo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2019 ata a súa modificación ou derogación expresa."

Asinado dixitalmente en Fene polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal."

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que a proposta que se presenta é a baixada do tipo impositivo, que estaba fixada no 0,64% para os bens inmoables urbanos e rústicos para pasalo a un 0,60%. Os motivos que levan ao goberno a esta baixada de impostos son, en primeiro lugar, á imposición do goberno do Estado no 2011 que impuxo a obriga de subir o tipo impositivo do 0,62% ao 0,64% en todos os Concellos e, segundo, á regularización catastral que se fixo de 2014 a 2018, sendo Fene un dos primeiros en adherirse a ela, o que supuxo que se incorporaran aos padróns do IBI numerosos inmoables que ata aquela non estaban pagando ningún tipo de imposto, co consecuente prexuízo para aqueles que si o facían. Todo isto supuxo un incremento na recadación. O actual alcalde sempre dixo que o día que o Concello amortizase toda a débeda bancaria existente e tivese unha débeda cero, o primeiro que faría sería proceder á baixada dos impostos, modificar as ordenanzas e taxas. No Pleno de agosto liquidouse a débeda bancaria do Concello, que agora mesmo é cero. A maiores, tamén se propón a opción de recoller na ordenanza municipal unha bonificación para aquelas familias numerosas, que dun 75% para ás de categoría especial e un 50% para as de categoría xeral, sempre e cando o inmoable sexa o domicilio habitual.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, que reitera o xa dito na Comisión. O seu grupo esta de acordo coa rebaixa do IBI, incluso o seu grupo hai uns anos fixo algunhas propostas neste sentido. Igual que fixo nos anteriores puntos, hoxe presenta unha proposta que de ser incluída votarían a favor, para incluír algún tipo de índice corrector, para a exención ou a bonificación das familias numerosas, é dicir, considera que non todas as familias numerosas deben ter esa bonificación, xa que hai que ter en conta os ingresos ou incluso o valor catastral da vivenda, así os ingresos deben ser inferiores ao salario mínimo interprofesional multiplicado por 3,5. Esta emenda xa a presentaron, pero ve no expediente que non se pediron informes ao respecto cando ben se podían ter solicitado e facer este Pleno mañá ou pasado. O Pleno convocouse o xoves ás 15.00 h, o venres foi festivo, logo veu a fin de semana e hoxe luns a primeira

é o Pleno, co que loxicamente non puideron informar. Insiste nisto porque estase a queixar do procedemento que fixo o goberno. Conclúe dicindo que se a súa emenda non se acepta o seu grupo absterase.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que ademais que non existen os informes xurídicos nin de intervención, non se ía dar traslado desta proposta aos servizos xurídicos nin a intervención porque o goberno municipal non esta a favor do índice corrector e iso xa se lle dixo claramente na Comisión. O goberno estudou a aplicación ou non do índice corrector e decidiu non aplicalo. A día de hoxe non se sabe nin cantas familias numerosas hai en Fene, cantas propiedades teñen, nin o seu valor. Quen estea no goberno en maio, concretamente quen sexa concelleiro de Facenda deberíase comprometer a revisalas novamente. Ese será o momento de aplicar un índice corrector ou non. O goberno quixo facer estas bonificacións para que entren en vigor no 2019. Isto é como un paralelismo con aquel cheque bebé que fixo o goberno de Zapatero que llo concedeu indiscriminadamente a todo o mundo, con independencia da súa capacidade económica. O goberno con estas bonificacións quere saber cantos usuarios hai que a soliciten e o feito de ter catro ou máis fillos non é unha cuestión de cartos senón doutras cousas que son dignas de valorar, con independencia de que os pais e nais teñan un salario máis ou menos produtivo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que esta medida coincide coa proposta do seu grupo, xa que se reduce a presión fiscal ata os límites existentes anteriores á crise económica. A proposta aproxímase á fiscalidade daqueles anos, non obstante, a rebaixa da fiscalidade non ten por que ser lineal, senón que pode ser redistributiva. Introduciuse a bonificación para as familias numerosas e coincide en que é un dos colectivos que precisa dun apio, primeiro porque as políticas de maternidade teñen que ser cuestións de Estado, pois lles afectan a todos e, segundo, porque a propia situación de familia numerosa implica limitacións para a súa situación económica. Tamén hai outros colectivos que debían estar incluídos en algún tipo de bonificacións, pero non costan, parécelle esencial que as persoas con discapacidade, sobre todo cando se fala de grandes dependentes ou aquelas persoas que teñen unha porcentaxe superior ao 66% que debían estar incluídas, así como a precariedade económica que tamén debían acceder a algunha bonificación. Hai algunha ferramenta legal como é o 5% que contempla a Lei para reducións nos casos de impagos que igual se podería usar para estes supostos.

En canto á modificación que propón o BNG entende que se podería establecer algunha limitación non estaría de mais, sabe que no pasado houbo algunhas medidas, incluso do PSOE, que foron lineais para toda a poboación, pero tamén é certo que houbo sonoras críticas. Cre que a medida é positiva pero entende que a idea de fondo que propuxo o BNG é razoable, en canto a establecer algún tipo de límite. En canto a fórmula que se propón, non coincide moito, non coincide en que sexa o salario mínimo interprofesional porque se está falando de incentivar a natalidade, polo que lle parecería moito máis oportuno falar de renda per cápita; en canto á cantidade de 3,5 salarios mínimos serían uns 2207,00 euros mensuais ou de 2900,00 euros se se aumenta segundo a proposta do PSOE. Aquí non se fala de situacións de precariedade económica, senón de protexer e fomentar a natalidade, por tanto os parámetros non poden ser os mesmos. Por tanto, comparten a filosofía de fondo pero invita a falar do método, que sería tratalo dende a renda per cápita e non do salario mínimo interprofesional, pois non se fala de límites de axudas para precariedade económica. En todo caso, entende que a proposta económica é importante, xa que reduce significativamente a porcentaxe da presión fiscal do conxunto da cidadanía de Fene e lamenta que non se introduzan máis medidas para que a redución da súa linealidade.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que esta é a segunda modificación que fai este goberno da Ordenanza do IBI dende abril de 2018, a primeira foron as modificacións que se van poder adherir as empresas de nova creación que se fagan no polígono Vilar do Colo e esta segunda modificación busca rebaixar a presión fiscal sobre os veciños e veciñas de Fene. Dille ao voceiro do grupo municipal Socialista o mesmo que lle dixo ao grupo municipal do BNG: que este goberno non vai modificar o criterio respecto de incorporar un índice corrector, ben sexa por renda per cápita ou por salario mínimo interprofesional, non polo menos para o ano 2019. Non se pode recoller nas providencias de inicio o fomento da natalidade e non pensa que pola exención dun 50 ou 75% do IBI en Fene as persoas que teñan dous fillos pensen en ter outro máis. O goberno vai apostar por fomentar a natalidade, sabendo que involucren máis cousas; tamén se busca saber cal é a medida real de Fene ao saber canta xente se adhire a esta bonificación para logo nas ordenanzas fiscais que entrarán en vigor no ano 2020, poderán falar do índice corrector que propón o grupo municipal do BNG.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a emenda que presentou trae unha proposta de 3,5 veces o salario mínimo interprofesional, pero non é pechada. A presenta porque quere deixar constancia dunha proposta por escrito na que figure a intención do seu grupo e dálle igual que sexa 3,5, 4 ou 4,5 veces; incluso na Comisión falouse de tomar outra referencia a maiores como podería ser o valor catastral, de xeito que se hai unha persoa que teña 10 veces o salario mínimo interprofesional e o valor da súa vivenda sexa de 400.000 euros terá unhas rendas e poder adquisitivo moi alto. Non é igual bonificar o IBI a persoas que teñan un alto poder adquisitivo a outra que ten unha vivenda cun valor de 50.000 euros, incluso sendo familia numerosa. Isto o que trae é beneficiar máis a quen máis ten. Entende á concelleira de Facenda que non queira aplicar o índice corrector, o cal é lícito, pero tamén é lícito que o BNG non teña a mesma percepción e non defenda os mesmos intereses económicos que defende o PP. Respecto de cal é a opción máis axeitada di que incluso pode ser un índice mixto, salario mínimo ou outro tipo de parámetro con valores catastrais, e dicir, propuxo a súa proposta para intentar chegar a un acordo e por iso así se fixo na Comisión.

A continuación fai uso da palabra a concelleira de Facenda, Rocío Aurora Bértoa Puente, que contesta ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que ten razón, que existen dous tipos de intereses distintos, os do BNG e os do PP, así os do BNG pensan que todas as familias numerosas son ricos e os que teñen menos ingresos son pobres. Subscribe as súas palabras e di que o BNG estivo tres anos gobernando e non baixou os impostos aos veciños de Fene e nin sequera trouxo unha proposta mentres que o PP e Somos Fene, 9 concelleiros que forman este goberno, si son distintos ao BNG e trouxeron unhas propostas ao Pleno para baixar a presión fiscal aos veciños e veciñas de Fene.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que lle di ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que son tan distintos como que o BNG quería vender Astano a Barreiras e o PP non.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo vai votar a favor da proposta, entendendo que a proposta é parte do camiño necesario para acadar a redución do nivel fiscal a niveis do ano 2008 - 2009, pero non van coincidir en que non haxa ningún límite para a bonificación das familias numerosas, entendendo que os límites non son os que se trouxeron hoxe aquí, pero que si ten que haber un límite porque hai veces que as medidas lineais producen situacións que son un tanto esperpénticas, situacións que hai que tratar de evitalas. Pensa que hai que introducir progresividade ás rebaixas e avanza que vía moción ou outra fórmula, en breve o partido Socialista presentará iniciativas nos dous aspectos e invita ao BNG a consensuar algunha proposta respecto do tema das familias numerosas para traelas ao Pleno, porque pensa que son cousas que se deben debater.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal Somos Fene e 2 do grupo municipal Socialista), con 4 abstencións (3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar a antedita Proposta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 10.47 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.